

**ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA
TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS**

FUNDAMENTO E NATUREZA

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por LICENCIAS URBANISTICAS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, xa que as súas normas atenden ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2

Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade municipal técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo ó que se refire o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, texto refundido aprobado polo Real Decreto 1346/76, de 9 de abril, e que se realicen no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas de edificación e policía previstas na citada Lei do Solo e no Planeamento e normativa urbanística deste municipio.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte, os constructores e contratistas das obras.

RESPONSABLES

ARTIGO 4

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en Xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

BASE IMPOÑIBLE

ARTIGO 5

1. Constitúe a base imponible da taxa:

a) O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

b) O custo real e efectivo da vivanda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.

c) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do imposto sobre Bens Inmobles, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.

d) A superficie dos carteis de propaganda colocados en forma visible dende a vía pública.

2. No custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior, inclúese o correspondente á maquinaria, instalacións industriais e mecánicas, así como calquera outro, precisos para exercicio da actividade e conste no proxecto para o que se precise da obtención da pertinente licenza municipal.

3. Do custo real e efectivo das obras indicadas nos apartados a), b) e d), aportarase o presuposto ou relación valorada.

COTA TRIBUTARIA

ARTIGO 6

A cota desta taxa, será a que figura na seguinte

TARIFA

1. OBRAS E CONSTRUCCIÓNS EN XERAL:

1. Construcción ou reconstrucción de edificios, levantamento de pisos, reconstrucción ou reforma de fachadas, modificación ou reforma interior de vivendas, acondicionamento ou reforma de locais comerciais, modificacións en cuberta e calquera outro tipo de obra similar, sobre presuposto da obra:

Tipo único: 0,67 %

Os presupostos poderán ser rexeitados na súa contía pola Xunta de Goberno Local, previos os informes técnicos que estime convenientes e sempre o dos técnicos municipais, tomando como base mínima do presuposto da obra, os módulos do Colexio de Arquitectos da provincia de Pontevedra, e de non aportar presuposto ou relación valorada aplicaranse os prezos mínimos do apartado 10 do artigo 6.

1.2. A primeira utilización ou ocupación dos edificios ou instalacións en xeral, devengarán o 15% do que liquidasen polo imposto sobre construcións e obras. No suposto que a cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras estivera bonificada, o 15% aplicarase sobre a cota resultante que se obtivera se non disfrutara de bonificación.

Nos edificios de propiedade horizontal deberá ser solicitada esta licenza de primeira utilización polo propietario ou promotor, na totalidade do edificio, debendo presentar coa instancia, impreso en modelo oficial da ficha fiscal de inmobles.

2. LICENCIAS PARA DERRUBA DE EDIFICIOS:

	€
Por cada metro cúbico de inmovible	0,16
2.1. Cota mínima.	52,94

3. LICENCIA LIÑAS DE RASANTE:

	€
3.1. Por cada metro liñal.	2,83

4. LICENCIA POR COLOCACIÓN DE PLACAS ANUNCIADORAS E RÓTULOS:

	€
4.1. Ata 0,50 m ²	6,81
4.2. De 0,51 a 1 m ²	28,35

5. LICENCIA PARA COLOCACIÓN DE ANUNCIOS:

	€
5.1. Ata 0,50 metros liñeais medidos na súa maior lonxitude.	9,51
5.2. De 0,50 ml. a 1 ml.	28,35

6. LICENCIAS POR COLOCACIÓN DE GUINDASTRES/PLUMAS/GRÚAS/MORTEIROS:

	€
6.1. Morteiros e grúas instalados dentro da obra con proxección sobre a vía pública	68,04
6.2. Instalados na vía pública	170,12

7. CUOTA FIXA PARA LICENCIAS POR OBRAS MENORES:

	€
7.1. Por licencias para obras menores non comprendidas nos apartados anteriores con presuposto inferior a 6.500,00 €	43,79

8. CUOTAS FIXAS PARA ACOMETIDAS E CONEXIÓN AS REDES DE AUGA E SUMIDOIROS:

8.1. Acometida auga rede xeral	39,70
8.2. Conexión auga edificios	17,01
8.3. Acometida rede sumidoiros	39,70
8.4. Conexión sumidoiros	17,01

9. FIXACIÓN DE LIÑAS:

	€
9.1. Fixación de liñas por persoal municipal, o metro lineal.	10,16
- Mínimo a aplicar.....	100,00 €
- Máximo a aplicar.....	500,00 €
9.2. Só comprobación de liñas por persoal municipal.	40% das tarifas anteriores

10. SOLICITUDE DE CERTIFICADO OU PETIÇÃO DE INFORME POR ESCRITO SOBRE CONDICIÓN S URBANÍSTICAS .

	€
10.1. Certificados	54,44
10.2. Petición informes	25,00

11. SOLICITUDES RELATIVAS AS LICENZAS DE PARCELACIÓN S URBANÍSTICAS.

	€
11.1. Por cada parcela resultante	40,00

12. LISTADO DE PREZOS MÍNIMOS PARA OBRAS MENORES

Listado de prezos mínimos para obras, construción s auxiliares, resto de obras, acometidas ás redes de auga e sumidoiros, etc. que non teñan proxecto técnico debidamente visado polo colexio profesional correspondiente.

	€
12.1. M ² substitución carpintería	87,24
12.2. Unidade porta de madeira	106,77
12.3. Reposición cristais, M ²	16,95
12.4. M ² reposición material de cubrición	21,36
12.5. Id. solado de terrazo	16,47
12.6. Id. id. de cemento	8,72
12.7. Id. id. de parqué	24,16
12.8. Ml. Rodapé	2,83
12.9. M ² encintado	8,37
12.10. Id. limpeza paredes de pedra	3,77
12.11. Id. Pintura	2,37
12.12. Id. Azulexo	13,96
12.13. Id. reboque e enfoscado	5,72
12.14. Id. falso teito	10,48
12.15. Id. mampara	70,49
12.16. Id. impermeabilización	7,61
12.17. Ml. baixante	11,59
12.18. Ml. cámara de aire	1,40
12.19. M ² rexas de seguridade	45,93
12.20. M ² picar cales	2,79
12.21. M ² limpeza ou roza de terreos	1,04
12.22. M ³ Excavación	2,79
12.23. Unidade puntos de luz, enchufe	16,61
12.24. Id. Pozo negro	711,87
12.25. Id. pozo de auga	1.046,88
12.26. Unidade lápida	41,87
12.27. Substitución sanitarios:	
Bañeira	262,97
Lavabo	64,56

Bidé	45,86
Inodoro	101,20
TOTAL	474,59
12.28. M ² construción escaleira	45,37
12.29. M ² apertura oco	3,50
12.30. M ³ desmonte e terraplenado	4,20
12.31. Id. Recheo	1,75
12.32. M ² construción aseos e cuartos baño	325,96
12.33. Id. pequenas ampliación s de vivenda	325,96
12.34. Id. arranxo cuberta (superficie x 1,15)	20,59
12.35. Id. retellados ou limpeza da cuberta	4,20

VARIOS

	€
12.36. Ml. toldo	69,79
12.37. M ² marquesiña (segundo proxecto técnico)	209,37
12.38. Unidade entrada de vado permanente	139,57

CERCAS (ALTURA MÁXIMA = 2,00 m)

	€
12.39. M. l. aramado con postes e valados de obras.	12,28
12.40. M. l. bloques en zócalo, postes e cerca transparente.	30,71
12.41. M. l. cantería	76,76

Importe mínimo da taxa o fixado no punto 7.

MUROS DE CONTENCIÓN

	€
12.42. M ² muro de contención (segundo presuposto de proxecto técnico)	47,64

CONSTRUCCIÓN S AUXILIARES

	€
12.43. M ² Construción galpón	45,37
12.44. Id. construción alboio ou alpendre	45,37
12.45. Id. construción cuberto	45,37
12.46. Id. construción de adegas	87,24
12.47. Id. construción de garaxes individuais	87,24

RESTO OBRAS MENORES

	€
12.48. M ² cerre balcones tipo galería	108,39
12.49. Id. cubrición terraza con traslucido	19,19

Á cuota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,50 en base á capacidade económica do suxeito pasivo, de conformidade co establecido no artigo 24.4 do RDL 2/2004, no suposto en que se cumpran os seguintes requisitos:

- Cando os ingresos totais anuais, prorrateados por meses, non superen o SMI.
- E non se dispoña de máis propiedades que a vivenda onde residan.

Para as unidades familiares de convivencia nas que os ingresos mensuais prorrateados superen a referencia do SMI, aplicarase o coeficiente exposto cando o importe dos devanditos ingresos, na parte que exceda do SMI, dividida entre o número de membros (excluído o perceptor), non supere os 60,00 €, conforme á seguinte fórmula:

Importe ingresos mensuais prorrateados – SMI = exceso

Exceso : N° de membros (excluído o perceptor) = menos de 60 euros

A redución exposta terá carácter rogado debendo adxuntar á solicitude a documentación que sexa requirida polos servizos sociais do Concello, así como xustificante de estar ó corrente de pago nos tributos municipais, e surtirá efectos a partir do período de facturación seguinte a aquél no que se solicite.

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

ARTIGO 7

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción desta taxa, que non veña establecida en tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de lei.

DEVENGO

ARTIGO 8

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada esta actividade na data de presentación da oportuna

solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen que estiveran a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal, conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún xeito pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta, condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestímulo do solicitante unha vez concedida a licenza.

DECLARACIÓN

ARTIGO 9

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se faga consta-lo importe estimado da obra, medicións e destino do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 do Decreto 69/89, de 31 de marzo, da Xunta de Galicia.

2. Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que non sexa esixible a formulación de proxecto subscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un presuposto das obras a realizar, con descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto onde os datos permitan comprobar o custos destes.

3. Se despois de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da Administración Municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

LIQUIDACIÓN E INGRESO

ARTIGO 10

1. Liquidarase e esixirase o importe da taxa unha vez concedida a licenza urbanística. Non obstante, poderase esixir-lo importe da taxa no momento de presentala solicitude de licenza de obra, en calidade de depósito previo.

2. A Administración Municipal, poderá comproba-lo custo real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante e, á vista do resultado da comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción, no seu caso, da liquidación inicial.

3. No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licencia, sobre a base imponible que lle corresponda, terá carácter definitivo agás que o valor sinalado no imposto sobre Bens Inmóbles, non teña este carácter.

4. As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo substituto do contribuínte para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais, empregando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

INFRACCIÓN E SANCIÓN

ARTIGO 11

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A exacción desta Taxa, será compatible co imposto municipal sobre Construcións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada definitivamente a súa redacción polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Datos anteriores modificacións:

Aprobación Ordenanza (entrada en vigor): 01/01/1992
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005

Data modificación actual:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2007